
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE OS ESTUDOS ENCARGADOS POLO CONCELLO EN MATERIA DE MOBILIDADE CICLISTA

O 25 de maio de 2020, a Xunta de Goberno aprobou unha proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa á apertura do procedemento de adxudicación do proxecto de Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible.

O 8 de xuño de 2020, a Plataforma de Contratación do Sector Público publicou o anuncio de licitación da redacción do PMUS, incluída no Programa EDUSI, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos europeos FEDER, e que cun orzamento de 200.000 euros, IVE incluído.

Segundo se pode ler no prego da licitación:

O obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas é fixar as condicións técnicas que han de rexer a contratación da asistencia técnica para a REVISIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA E SOSTIBLE (en diante PMUS), segundo as normas e características establecidas neste prego e de acordo cos requisitos e documentos esixidos pola lexislación vixente. As condicións recollidas neste prego son de obrigado cumprimento polo adxudicatario da asistencia técnica, que fará constar que as coñece e que se compromete a executalas asinando o presente prego unha vez resolta a adxudicación.

No seu punto 6, o prego especifica os traballos a realizar dentro deste proceso de revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible. No seu apartado 6.3.6 sinala o seguinte:

6.3.6. Sistema de mobilidade de bicicleta

Realizárase e/ou actualízase o inventario da rede ciclista do municipio. Defínase un sistema para a implantación xeneralizada da bicicleta como modo de transporte na cidade, co obxectivo de comunicar calquera punto da cidade entre si dentro dos parámetros axeitados de seguridade e comodidade ciclista. Estímase o número de bicicletas privadas usadas e fóra de uso coas súas características con base nas datos xerados na fase anterior, de xeito que sexa posible inferir ou extrapolar a súa distribución espacial na cidade con base noutras información ou variables dispoñibles para cada vivenda ou actividade económica. O espazo viario, urbano e territorial, os tramos e os nodos modais e intermodais, deben conceptuarse xerarquicamente en función do nivel de compatibilidade, coexistencia e segregación dos espazos destinados á bicicleta (ciclovía, ciclorrúa, carril-bici ou ciclocarril, pista-bici,

senda mixta peonil e para bicicletas etc.). Determinaranse os factores inhibidores do uso da bicicleta. Localizaranse os focos xeradores e atractores de mobilidade ciclista e sinalaranse aqueles nodos, tramos e áreas que entran en conflito con outros sistema de mobilidade en razón do compartimento da vía pública con outros medios de transporte. Determinarase o potencial de incremento do uso deste sistema de mobilidade en relación cos distintos perfís sociodemográficos e funcionais da poboación, e deseñaranse unha folla de ruta para a progresiva captación das persoas usuarias que na actualidade fan uso de automóviles privados. Todos os datos, as análises e as diagnoses, a planificación estratéxica, as propostas e os programas de medidas relativas ao sistema de mobilidade ciclista se integrarán nun documento específico denominado Plan Director de Mobilidade Ciclista e todo tipo de VMP, que se entregará como subproduto da asistencia técnica.

O pasado 28 de setembro de 2020 aprobouse un decreto da Concellería delegada de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, para “aprobar a contratación da redacción dun estudo base para a definición do estdo actual do uso da bicicleta en Santiago de Compostela e da capacidade de acollida de desprazamentos ciclistas da rede viaria existente mediante un contrato menor a favor de Alexandre Mouriño Fernández por un importe de 17.545 euros.

O 26 de outubro de 2020, a páxina web de El Correo Gallego (<https://www.elcorreogallego.es/santiago/dinos-como-te-desprazas-por-santiago-cara-a-un-novo-modelo-de-cidade-BY5100012>) publicou un formulario baixo o título “**Dinos como te desprazas por Santiago / Cara a un novo modelo de cidade**”.

No texto que acompaña o formulario sinalase o seguinte:

*O modelo de cidade está cambiando e, con el, a forma na que nos movemos nela. Baixo este paradigma, a Concellaría de Centros Socioculturais, Barrios, Obras e Relacións Veciñais de Santiago de Compostela vén de encargarse a unha empresa especializada un estudo para incorporar mobilidades brandas, criterios de sostibilidade e redución da pegada de carbono en todas as súas actuacións futuras na cidade. Para saber como nos movemos os santiagueses, **El Correo Gallego** lanza esta enquisa que aportará unha información fundamental sobre como nos desprazamos en Santiago e, especialmente, como nos moveremos no futuro.*

Tendo en conta todo o anterior, Xan Duro, concelleiro de Compostela Aberta, presenta a seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta por **ESCRITO**:

- Con que obxectivo concreto a concellería de Centros Socioculturais e Obras vén de contratar un estudo sobre o uso da bicicleta en Santiago?
- Que criterios ou informes técnicos aconsellaron a contratación deste estudo?
- Que información adicional se prevé que achegue este estudo contratado, cun custo de máis de 17.000 euros, tendo en conta que na licitación do novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible, orzado en 200.000 euros, se especifica que a empresa adxudicataria terá que elaborar un amplo informe sobre a mobilidade ciclista en Santiago?

- O formulario publicado na páxina web de El Correo Gallego responde a un contrato específico por parte da concellería de Centros Socioculturais e Obras ou forma parte dos traballos incluídos no contrato menor adxudicado no mes de setembro? Esta enquisa terá un custo adicional para as arcas municipais, a maiores dos máis de 17.000 euros do citado contrato menor?
- Que criterios técnicos se seguiron para a realización do formulario e a súa execución a través deste medio de comunicación?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Xan Xesús Duro Fernández

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

A/A DO ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA